


PROXECTO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

IES OTERO PEDRAYO

CURSO2023/24



EDLG

IES OTERO PEDRAYO

OURENSE

1- Presentación do Equipo de dinamización da lingua galega.

Os integrantes do EDLG son : Patricia Cid Blanco e Enzo Sarmiento Soto, ambos profesores do Departamento de Lingua Galega e Literatura; Ana Gloria Rodríguez



Alonso, Coordinadora da Biblioteca e profesora de Grego. De entre o alumnado contaremos con Alba Pérez Vilaverde (4ºA-ESO), Lucía González Vázquez (2º A-BAC) e Lucía Quintairos Guede (1º A-BAC). A representante de PSEC no equipo é María Isabel Losada Álvarez. A coordinadora é Elvira Moroño Suárez.

2- Contexto sociolingüístico.

2.1 A contorna sociolingüística do centro


Este centro de ensino ocupa un edificio histórico no casco vello da cidade, nun lateral do Xardín do Posío, o que lle confire atractivo estético e histórico e ao mesmo tempo certas particularidades. Unha parte das mesmas ten que ver coa súa zona de influencia, que acolle a un sector de poboación de nivel sociocultural medio e medio-baixo, así como a unha considerable porcentaxe de poboación inmigrante. Co cal, ao feito de ser un centro urbano, co conseguinte predominio do castelán que iso implica, únese a dificultade de tentar achegar o galego a unha poboación de procedencia foránea.

Para a valoración da situación lingüística da comunidade educativa baseámonos nos resultados das enquisas feitas polo EDLG, por medio do noso blog <https://ranholasdixital.blogspot.com/>.


2.2 Situación sociolingüística do profesorado

A continuación reproducimos o resultado das enquisas e as conclusións que podemos extraer das mesmas. (Sen actualizar. Resultado do ano 2017)


1. Que lingua empregas habitualmente




2-Que linguas empregas habitualmente no centro educativo?




3- Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?




4- Cal é a túa disposición a facer cursos de actualización, para aumentar o teu dominio do galego?




5- En Galicia debería usarse máis o galego




6- Valoro o emprego do galego na atención ao público por parte da empresa privada e da administración




7- Valoro pertencer a unha comunidade con máis dunha lingua oficial




8- O uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo




9- O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua



10- O galego é unha lingua axeitada para o ensino das ciencias.



11- A lingua galega debe ser fomentada socialmente



Conclusións derivadas das enquisas entre o profesorado:

- É algo superior a porcentaxe de quen usa só ou predominantemente galego (44,5%) na súa vida cotiá, seguida de quen usa predominantemente castelán (38,9%), mentres que os que din usar ambas por igual representan un 16,7%.
- Estes resultados gardan moito paralelismo cos que dan conta do uso do galego no centro: case a mesma porcentaxe que no caso anterior usa só ou predominantemente galego (44,4%). Sen embargo o uso do galego no centro, entre aqueles que din usar ambas linguas por igual, supera ao do uso na vida cotiá (27% fronte a 16,7%). Co cal deducimos que o noso centro de ensino reflicte un uso algo superior da lingua galega, con respecto ao uso xeral na vida cotiá.
- Unha valoración da propia competencia en galego como alta para a metade do profesorado (50%), ou moi alta (16,7%), mentres que quen considera a súa capacitación como media ou baixa constitúe so un 33,3%. Ademais a disposición a actualizar dita competencia é moi alta (71%).
- Existencia dunha ampla maioría que considera que o emprego do galego en Galicia debería ser maior. Suman máis dos tres cuartos, os que están de acordo ou bastante de acordo (77,8%).
- É idéntica a anterior, a porcentaxe de aqueles que valoran ser atendidos en galego tanto por parte da Administración como da empresa privada: 77,8% suman os que están de acordo ou bastante de acordo.
- Conciencia moi alta do valor de pertencer a unha comunidade con dúas linguas: 94,4%.
- Porcentaxe maioritaria de quen recoñece o importante papel do ensino como ferramenta para prestixiar o galego: 77,8% suman os que están de acordo ou bastante de acordo. Algo menor pero maioritaria tamén é a porcentaxe de quen considera que o uso do galego no ensino non é excesivo: 66,7%.
- Postura minoritaria de quen ten reservas manifestadas para o uso do galego no ensino das ciencias: 11,1%. Sen embargo, só algo máis da metade acepta sen reservas o uso do galego no ensino das ciencias: 66,7%.
- Predominio absoluto de quen considera que o galego debe ser fomentado socialmente: 88,9%.



- Case as tres cuartas partes do claustro se pronuncian a favor dun desexable aumento da presenza do galego na nosa comunidade autónoma.
- A maioría recoñece a importancia do papel do ensino na normalización e no aumento do prestixio da lingua galega.

2.3 A situación do alumnado

A continuación reproducimos o resultado das enquisas e as conclusións que podemos extraer das mesmas.

Conclusións derivadas das enquisas entre o alumnado:

- Un 8,2 % ten o galego como primeira lingua e un 41,5% recoñece ter galego e castelán como primeiras linguas. Polo tanto a metade do noso alumnado ten como lingua materna o galego.
- Paralelamente, son máis da metade os que teñen como lingua habitual na casa o castelán, exclusivamente ou predominantemente, pois suman un 61%. Respecto aos datos anteriores hai unha baixa importante no uso do galego como lingua familiar. Na anterior enquisa estabamos no 50% en castelán.
- Na escola o predominio ou uso exclusivo do castelán é aínda superior ao do uso no fogar. Pois suman ambos un 82,3% do alumnado. Se a isto sumamos o 14% que din usar galego e castelán por igual , quedanos un pírrico 3 % de alumnado que fala maioritariamente en galego ou exclusivamente en galego. O uso do castelán entre o alumnado sobe case un 10% respecto dos datos anteriores. Podemos comprobar que cando se pregunta cal é a lingua habitual , o uso do galego sobe un 10% respecto ao ámbito escolar.

Como xa se ten informado recentemente con datos estatísticos a escola vén sendo un dos espazos máis castelanizados da sociedade galega. Alumnado que ten o galego como lingua habitual fóra da escola ou familiar , abandónaa unha vez dentro. No caso dos adolescentes sabemos que a influencia do grupo de iguais é moi forte, mais é un dato que se repite en diferentes niveis de ensino na Galiza.

Apuntamos aquí a causalidade que ten nestes datos lastimosos para o galego a implantación do Decreto de Plurilingüismo no ano 2010, coa obrigación de impartir



materias de ámbito tecnolóxico exclusivamente en castelán, a saber, Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

Institución relevantes en Galiza como o O Consello da Cultura, A RAG, a AELG dentro de Galiza e de fóra teñen chamado a atención sobre as políticas lingüísticas nocivas para a pervivencia do galego entre as xeracións máis novas. A Comisión de expertos, que elevainformes sobre a aplicación da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM), código para a protección das comunidades minorizadas promovido polo Consello de Europa (CE), vén denunciando dende a implantación do Decreto o incumprimento flagrante da Carta, ata o punto de que en 2019 acordou recomendarlles ás autoridades españolas que adoptasen con carácter prioritario as seguintes medidas: “1. Modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial para garantir o uso dos idiomas cooficiais nos procedementos xudiciais a pedimento dunha das partes. 2. Mellorar o uso das linguas cooficiais na administración do Estado nas Comunidades Autónomas. 3. **Eliminar as limitacións do ensino do galego en Galicia e do valenciano/catalán en Valencia.**”

- Case a totalidade recoñece o valor de saber varias linguas.

Conclusións xerais sobre a situación lingüística no centro.

Se ben o galego é a lingua dominante a nivel administrativo, nas conversas informais entre o profesorado, na documentación dirixida desde a dirección tanto ao propio claustro como ás familias, e, se ben é certo tamén que entre o profesorado hai unha clara conciencia da importancia do noso rol á hora de manter a lingua e unha alta autoestima como falantes competentes en galego, o certo é que o galego segue a perder presenza entre quen pode garantir a súa pervivencia: o alumnado. Os obxectivos que deberíamos marcarnos a curto prazo teñen que ter en conta a necesidade de seguir reforzando o compromiso do profesorado pero, en primeiro lugar, a urxencia de evitar o afastamento progresivo do alumnado, facéndolle ver o valor da nosa lingua en todos os ámbitos académicos, de lecer e de comunicación informal.

Máis alá do noso labor docente e de dinamización cultural e lingüística dende o Departamento de Normalización Lingüística necesitamos unir forzas e esforzos e por iso pedimos a colaboración da Administración e dos organismos competentes na materia, a través de medidas normalizadoras valentes. Necesitamos outro Decreto de Linguas, menos nocivo para o galego, así como partidas de máis cuantía para levar adiante os Proxectos de Normalización anuais que presentamos.



3-Obxectivos.

3.1- Referidos á contorna:

- Fomentar o coñecemento do galego e o uso do mesmo en situacións diversas.
- Amosar o seu prestixio como lingua de cultura, polo feito de estar vinculada a unha institución académica, neste caso o centro de ensino.
- Modificar prexuízos e actitudes medorentas, amosando a nosa lingua como unha ferramenta máis de integración.
- Buscar a implicación doutras institucións locais, principalmente do concello de Ourense.
- Buscar a colaboración en actividades puntuais con asociacións culturais e veciñais da contorna.
- Facer que a información sobre o que se está a facer, no ámbito da dinamización do galego, chegue ás familias e fomentar a implicación das mesmas nalgunhas actividades.

3.2- Referidos ao profesorado:

- Fomentar o emprego do galego no centro, tanto nas aulas como noutras situación do entorno académico.
- Estimular o emprego do galego na relación do profesorado coas familias, amosando a nosa lingua como unha ferramenta integradora.
- Favorecer actitudes favorables ao galego, intentando erradicar prexuízos e temores.
- Fornecer de ferramentas e asesoramento ao profesorado non especialista pero desexoso de empregar o galego como lingua vehicular.
- Organizar e difundir actividades en galego que requiran dunha colaboración interdepartamental.
- Organizar e difundir actividades en galego que prestixien a lingua galega e resulten enriquecedoras para o profesorado.



- Poñer en valor a riqueza patrimonial da nosa terra e o seu vínculo indisoluble coa lingua galega.

3.3- Referidos ao alumnado:

- Manter e consolidar a súa competencia en galego.
- Dar azos aos neofalantes para que se inicien sen temores e con gusto no uso do galego.
- Amosar a utilidade do galego como unha lingua máis que, incluso, pode facilitarnos o acceso á lusofonía.
- Reivindicar o galego como unha parte fundamental do noso patrimonio cultural e polo mesmo, do que nos define como comunidade histórica.
- Erradicar prexuízos e terxiversacións sobre a lingua galega.
- Difundir o uso do galego en todos os ámbitos, especialmente aqueles que semellan atractivos para o alumnado: o da tecnoloxía, o do audiovisual, o da música, o do deporte,...
- Poñer en valor o galego como lingua da ciencia: amosando a tarefa de importantes divulgadores científicos que usan o galego na nosa comunidade, de galegofalantes que están a investigar no estranxeiro, de obras e de publicacións periódicas escritas nesta lingua,...
- Facilitar ao alumnado situacións comunicativas, nas que deban empregar o galego para se comunicar, oralmente e de xeito informal, cos seus iguais.

3.4- Referidos ao Centro

- Fomentar a implicación de todos os sectores: profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Combater concepcións froito de prexuízos con respecto ao uso do galego.
- Incentivar o uso do galego como lingua de relación no centro, fora do rigorosamente académico que acontece nas aulas.
- Darlle prioridade ao galego como lingua de comunicación, por defecto, coas familias.
- Redactar en galego toda a documentación que atinxa ao centro.



Dito isto, a través das actividades tentaremos achegarnos aos mencionados obxectivos e amosar a pertinencia do galego en todos os ámbitos, en particular aqueles que consideramos estratéxicos:

- O ámbito das conversas orais e cotiás entre o alumnado.
- O noso patrimonio cultural e a nosa historia.
- A música e o ámbito do audiovisual.
- O deporte e a actividade física no lecer.
- A defensa dunha sociedade paritaria e non sexista.
- O ámbito científico.
- O ámbito tecnolóxico.

4- Actividades.

GRUPO ESTABLE DE TRABAJO CON ALUMNADO

Temporalización: todo o curso
Profesorado implicado: EDLG.
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e.
Destinatarios: Toda a comunidade educativa.
Orzamento: gastos de impresión de carteis

Son bastantes as alumnas e alumnos que se van animando a participar no grupo de traballo do Equipo. Cada comezo de curso lanzamos convocatoria para sumar alumnado á Equipa. Tratamos de que a comunicación coa rapazada sirva non só para fomentar a implicación nas actividades, senón que sexan elas e eles quen nos aporten ideas, suxiran reformas ou valoren criticamente o que se está a facer.

ACTIVIDADE NO INSTAGRAM



Temporalización: todo o curso
Profesorado implicado: EDLG
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a,b,e.
Destinatarios: Toda a comunidade educativa
Orzamento: ---

É a rede social con máis éxito entre a rapazada e, de entre as plataformas que manexa este EDLG, é, sen dúbida, a máis visitada. Usámola para difundir as actividades realizadas polo Equipo. Asemade, igual ca outra rede social que usamos, o Facebook , xa dende o curso 21-22 pasou a substituír o Blogue polo comentado ao comezo.

<https://www.instagram.com/ranholasdixital/>

ACTIVIDADE NO FACEBOOK

Temporalización: todo o curso
Profesorado implicado: EDLG
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a,b,e.
Destinatarios: Toda a comunidade educativa
Orzamento: ---

Compartimos simultaneamente nesta rede os contidos do Instagram. Pretendemos así abrírnos a un público máis adulto, no que entrarían os pais e nais do alumnado, particulares e institucións públicas e privadas vinculadas ao ensino e cultura galega. Neste sentido destacar a importante interacción nesta rede con outros Equipos de Lingua Galega de toda Galiza e a máis alta presenza da lingua galega ca en calquera outra rede social.

Edlg Iles Otero Pedrayo | Facebook



DIFUSIÓN DA CAMPAÑA AQUÍ TAMÉN SE FALA

Temporización: En función das convocatorias
Profesorado implicado: EDLG, Dpto. de Lga Galega
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Orzamento: 40 € impresión cartelaría

Sumámonos a exitosa campaña de Normalización que naceu no IES Rafael Dieste da Coruña e xa repartimos cartaces da campaña en negocios das rúas Padre Feijoo e Colón. Hai que dicir que é todo un éxito e que seguiremos coa campaña. Unha experiencia bonita para alumnado e comerciantes. Edlg Ies Otero Pedrayo (@ranholasdixital) • fotos e vídeos do Instagram

PROXECTO: ROTEIRO POLOS ESPAZOS VITAIS E LITERARIOS DO GRUPO NÓS

Temporización: 1º Trimestre
Profesorado implicado: EDLG – Lga Galega
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: alumnado 4º ESO e contorna
Orzamento: 30 € material papelería e impresión dixital



Este curso o alumnado de 4º ESO realizou un proxecto no que combina contidos da materia de Lingua Galega e Literatura con coñecemento e posta en valor da contorna. O OBXECTIVO final foi identificar nun mapa da cidade espazos vitais e literarios vinculados ao Grupo Nós. Para isto cada alumno tivo que buscar información sobre un dato/acontecemento relevante na vida ou obra dun dos autores da Xeración Nós que está vinculado a un espazo da cidade. Posteriormente presentar a información ben editada e , por último, lela durante o roteiro.

Na 1ª semana de marzo temos programado facer o Roteiro con cada grupo, co que queremos facer a nosa homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no seu natalicio.

NOVO ESPAZO PARA O EDLG NA PÁXINA WEB DO IES

Creamos e seguiremos completando un espazo na páxina web do centro onde se pode acceder ao Proxecto presentado, así como as nosas redes e mais os últimos números da Revista Rañolas en Dixital.

Revista Rañolas | IES Ramón Otero Pedrayo (xunta.gal)

Temporización: Todo o curso
Profesorado implicado: EDLG – Dpto de Tecnoloxía
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: toda a comunidade educativa
Orzamento:

ACTUALIZACIÓN DO LOGO NAS NOSAS REDES E ESPAZOS VIRTUAIS. CONCURSO DE LOGOS

Temporización: 1º Trimestre
Profesorado implicado: EDLG – Lga Galega – Departamento de Plástica



Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: todo alumnado e toda a comunidade en xeral
Orzamento: 50 € (premios) VALES MATERIAL ESCOLAR + 50 € CHAPAS

EDICIÓN DA REVISTA RAÑOLAS.

Temporización: todo o curso.
Profesorado implicado: EDLG e Dpto. de L.Galega
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: toda a comunidade educativa, contorna
Orzamento: 1500 euros.

Un curso máis contamos sacar adiante un novo número da revista Rañolas. Traballaremos para que a colaboración de alumnado e profesorado sexa ampla e variada, fomentando a participación de todos os cursos e a maioría departamentos, para que os contidos reflectan toda a riqueza de sensibilidades e ámbitos do coñecemento . A revista distribúese tanto entre a comunidade escolar como entre institucións ou persoas que visitan o centro por diferentes motivos. Pódese acceder á edición dixital na páxina web do centro. Revista Rañolas | IES Ramón Otero Pedrayo (xunta.gal)

SAMAÍN (CONCURSO DE MICRORRELATOS- OBRADOIRO DE COLARES DE ZONCHOS - CONCURSO DE SOBREMESAS)

Temporización: Novembro 2023
Profesorado implicado: Vicedirección, EDLG
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, f



Destinatarios: toda a comunidade educativa.
Orzamento: 80 € (premios VALES para material escolar)

Edlg Ies Otero Pedrayo (@ranholasdixital) • fotos e vídeos do Instagram

Edlg Ies Otero Pedrayo (@ranholasdixital) • fotos e vídeos do Instagram

Edlg Ies Otero Pedrayo (@ranholasdixital) • fotos e vídeos do Instagram

CHARLA TEMÁTICA DE SOCIOLINGÜÍSTICA.

Temporización: marzo/ abril
Profesorado implicado: Vicedirección, EDLG. Equipa Biblioteca
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, f
Destinatarios: alumnado 1º BAC (6 grupos)
Gasto: ----

Dende que comezou esta nova etapa da Equipa, queremos achegar ao alumnado temas que conectan a Lingua con outra disciplinas: Etnolingüística, Sociolingüística, Neurolingüística...

Se nos cursos pasados tivemos ao divulgador científico Xurxo Mariño, ao profesor da USC Miguel González Pereira para falarnos de Diversidade lingüística e comunicación intercultural. Este curso esperamos estamos xestionando o encontro con **Elsa Quintás Albores** que forma parte do mundo da avogacía ademais de ter responsabilidades na Mesa .

ACTIVIDADES de DIFUSIÓN DA CULTURA POPULAR E ORALIDADE

Temporización: marzo/ abril 2024
Profesorado implicado: Dpto. de Lingua Galega, EDLG.



Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, d.
Destinatarios: Alumnado de 1º/2º ESO
Orzamento: 300 € + IVE

A actividade da Regueifa está a ter unha ampla aceptación entre a rapazada. Fortalece contidos curriculares de literaria popular relacionados coa poesía e é unha importante achega e actualización á nosa literatura popular. Contamos con regueifeiros de grande calidade entre nós como Alba María, O Pinto de Herbón ou o Caruncho.

O mesmo podemos dicir sobre os contacontos. Cándido Pazó, **Celso Fernández Sanmmartin**.

Levamos anos tentando chegar calquera destas actividades mais topámos coa limitación do noso presuposto. Non desistimos.

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA E CO OTERO DIVERSO

Temporización: Todo o curso.
Profesorado implicado: Biblioteca, EDLG, Dpto de Lingua Castelá
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: toda a comunidade educativa.
Orzamento: ---

Coordinado por Ana Gloria Rodríguez Alonso, que forma parte do nos equipo, o grupo de traballo da biblioteca desenvolve un labor importantísimo no fomento da lectura, tamén da lectura en galego, e converte a biblioteca do noso centro nun espazo que acolle á rapazada lectora, e dá a coñecer distintas iniciativas culturais. Por isto, seguiremos a colaborar co Equipo da Biblioteca nas diferentes actividades que realizan durante todo o curso:



- Escolma de libros sobre diferentes efemérides: Día da Poesía, Día do Teatro, 25 N, 8 de Marzo...

- Día de Rosalía, Conmemoración do Día das Letras Galegas...

- Tertulias do Liceo e Clube Lectura de Adultos.

<https://www.instagram.com/p/Cnm9pZiMHaw/>

Colaboraremos co recién creado Equipo Otero Diverso.

FEBREIRO: MES DE ROSALÍA DE CASTRO.

Temporización: febreiro 2024
Profesorado implicado: EDLG, Dpto. de L.Galega, Dpto Lingua Castelá, Dpto. de Educación Plástica e Biblioteca.
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e.
Destinatarios: todo o alumnado.
Orzamento: 50 € cartel Alborada de Gloria, premios, impresións de cartelaría par aulas e corredores.

Durante o mes de febreiro desenvolveremos diversas actividades destinadas a lembrar e poñer de relevo a figura de Rosalía de Castro: carteis, recitado de poemas, traducións de algúns dos poemas máis coñecidos a outras linguas, poemas musicados de Rosalía.

Acostumamos participar nas convocatorias anuais do AELG e da Casa de Rosalía . O curso pasado celebrámolo co Caldo de Gloria .Este ano queremos ademais participar na Alborada de Gloria. (1) Facebook

PARTICIPACIÓN NA VII EDICIÓN DO CONCURSO DE VIDEOPOEMAS SOBRE COMPOSICIÓN POÉTICAS DE ROSALÍA E MANUEL MARÍA.



Temporización: febreiro-marzo 24
Profesorado implicado: EDLG, Dpto. de L.Galega, Dpto. de Tecnoloxía.
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a,b,c.
Destinatarios: 3º e 4º ESO e 1º BAC
Orzamento:

Queremos participar este ano novamente neste concurso, para o que imos contar coa colaboración dos Departamentos de L.Galega e de Tecnoloxía porque somos rosalianos e manuelmariansos . A proposta é para o alumnado de 3º e 4º ESO e 1ºBAC.

<http://www.casamuseomanuelmaria.gal>

ACTIVIDADES: AO SON DA NOSA MÚSICA. CHARLA E VISIONADO DE VIDEOS

Temporización: todo o curso
Profesorado implicado: EDLG. Dpto Música
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e, f
Destinatarios: todos os alumnos e alumnas.
Orzamento: 175 +€ IVE

Baixo este título que dá nome a un proxecto educativo que xudiu recentemente queremos realizar varias actividades para dar a coñecer a música que se fai na Galiza e en galego.

Un estudo sobre hábitos musicais que realizou a Consellaría de Política Social entre a rapazada de 10 a 18 anos advertía recentemente que o 40% non coñece grupo ou artista ningún que cante en galego ou que o 80% non escoitaba música en lingua galega.



Foron estes algúns dos resultados dunha enquisa entre máis dun milleiro de escolares realizada polo proxecto educativo Ao Son da Nosa Música Impulsado por Manuel Maseda e Martiño Ramos

Hábitos musicais dos/as adolescentes (xunta.es)

Co obxectivo de conectar e difundir as actividades nas aulas arredor da música en galego e achegar aos centros as creacións musicais, Ao Son da Nosa Música ofrécenos reportaxes, impulsa unidades didácticas para levar a cabo unha radio escolar, fomenta a creación entre o alumnado ou achega conversas con artistas en pequenos vídeos con protagonistas como Belém Tajés, Chicho (Ortiga, Boyanka Kostova...), Guadi Galego, Nuno (Grande Amore), SÉS, Verto, Xabier Díaz, Baiuca, Uxía, Tanxugueiras ou García MC, entre outros.

Durante o curso queremos colaborar con este proxecto a través de diversas actividades.

- **Visualización de videos con diferentes grupos e niveis. O profesorado axustará a cada grupo a mellor opción.**

Ao Son da Nosa Música - Bing video

- **Charla.** dunha persoa vinculada ao mundo musical. Barallamos varias opcións para o relator. Gustaríanos ter a unha persoa próxima, neste sentido pensamos no cantante do grupo ourensán O Sonoro Maxín: Ico. Outra opción sería poder contar con Bocixa, cantante e alma máter do grupo Zenzär. Bo coñecedor do panorama musical galego.

EXPOSICIÓN CANTA MOLA EN GALEGO

Temporización: febreiro-marzo 2024
Profesorado implicado: EDLG
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a,b,c.
Destinatarios: 3º e 4º ESO e 1º BAC
Orzamento: cedida pola Concello de Pontevedra

Exposición **Canta Mola en Galego** a partir do mes de febreiro. A música cantada é unha ferramenta fundamental para vivirmos en galego, mais tamén para enriquecer a



lingua que usamos ou até para achegarnos a ela e empezar a aprender. Ademais, un dos indicadores da vitalidade dunha lingua é a súa utilidade como expresión da creatividade. Porén, non é doado atopar canles onde termos unha panorámica completa que nos permita coñecer e escoller, cando en galego hai música de diferentes estilos e ritmos, para todos os gustos.

CantámOLA en galego - Servizo de Normalización Lingüística (pontevedra.gal)

CELEBRACIÓN DO ENTROIDO.

Temporalización: febreiro 2023
Profesorado implicado: Vicedirección, EDLG, Dpto de Plástica
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: toda a comunidade educativa.
Orzamento: material de impresión.

O Entroido, sen dúbida unha das festas de relevancia na cidade e provincia de Ourense ten que ser celebrado. Colaboraremos con Vicedirección en propostas conxuntas de disfraces para o profesorado, colocación dos Mecos.

Edlg Iles Otero Pedrayo (@ranholasdixital) • fotos e vídeos do Instagram

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS : LUÍSA VILLALTA

Temporización: maio 2024
Profesorado implicado: Dpto. de L. Galega e EDLG, Equipo Biblioteca
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, f



Destinatarios: todo o alumnado
Orzamento: 40 € ----regalos concurso--- cartelaría

Este ano O Día das Letras Galegas está dedicado a Luísa Villalta. Durante a semana do 13 ao 17 de maio , realizaremos varias actividades relacionadas coa autora en estreira colaboración co Equipo de Biblioteca:

- **Mural conmemorativo.**
- **Concurso ben a través das RRSS ou ben con base na Cartelaría enviada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.**
- **Exposición en colaboración coa Biblioteca do centro dos fondos bibliográficos relacionados co autor homenaxeado.**

CONCURSO LITERARIO PARA FESTEXAR O 17 DE MAIO.

Temporización: abril/maio 2024
Profesorado implicado: Dpto. de L. Galega e EDLG.
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: todo o alumnado
Orzamento: 50 €

Contamos con poder celebrar, un ano máis, o **Concurso literario** para festexar o Día das letras galegas. Outorgaranse varios premios nas tres modalidades de: poesía, relato, teatro, ensaio e cómic, repartidos en tres categorías: primeiro ciclo da ESO, segundo ciclo da ESO e BACHARELATO.

DIVERSAS ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COA ANPA.



Temporización: todo o curso
Profesorado implicado: ANPA, EDLG.
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e, f
Destinatarios: Toda a comunidade educativa.
Orzamento: ----

Entre as prioridades que se marcou este equipo de Dinamización da Lingua, estaba reforzar a colaboración coa ANPA, porque consideramos que para normalizar o uso do galego hai que chegar ás familias, e porque entendemos o proceso educativo así, como unha desexable cooperación e diálogo entre as distintas partes implicadas. É por isto que, intentamos que sexan moitas as actividades froito en colaboración coa ANPA, se ben este curso vólvese isto máis complicado.

- Actividades contra a violencia machista.
- Xornadas en torno ao 8M.
- **Participación nos Maios.**
- Magosto.

ACHEGAMENTO Á LUSOFONÍA: ENCONTRO DE XOGOS TRADICIONAIS .TESOUROS VIVOS .BIBLIOTECAS VIVAS

Temporización: En función das convocatorias
Profesorado implicado: Vicedirección e EDLG, Dpto. Ed. Física
Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
Destinatarios: toda o alumnado
Orzamento: 100 € AUTOBÚS

Ao amparo da Lei Paz Andrade que o Parlamento de Galicia aprobou o 24 de marzo do ano 2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía,



gustaríanos participar en varias actividades e proxectos que convoca a asociación Cultural e Pedagóxica **PONTE NAS ONDAS** que, desde 1995, realiza actividades educativas e culturais en Galicia e no Norte de Portugal. Entre os fins da asociación están a promoción de actividades culturais e pedagóxicas así como a promoción da identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono. A estas finalidades engadíuselle no ano 2002 o compromiso de traballar na recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común a galegos e portugueses. En 2001 a Asociación Ponte...nas ondas! comezou a promover a presentación da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués diante da UNESCO, unha iniciativa destinada ao recoñecemento internacional deste patrimonio.

- **ENCONTRO DE XOGOS TRADICIONAIS.**

Seguindo a dinámica de dar a coñecer o Patrimonio Tradicional Común a galegos e portugueses e descubri-lo aos nosos alumnos e alumnas no marco escolar, a Asociación Ponte... nas ondas! organiza reunións lúdicas e non competitivas no marco dun día de convivencia entre rapaces e rapazas de escolas galegas e portuguesas. Ponte... a brincar! Melgaço acolle a VIII Xornada de Xogo Tradicional | Ponte... nas Ondas! (pontenasondas.org)

Esta actividade concretamente estaría dirixida ao alumnado de 1º CICLO que goza enormemente desta actividade ao aire libre. Contaríamos coa colaboración do Dpto. De Educación Física, concretamente co profesor Anxo Cid Corbillón

- **OBRADOIRO: O PORTUGUÉS SIMPLES**

• Temporización: 2º trimestre
• Profesorado implicado: EDLG, Dpto de lingua Galega
• Incidencia en variables do art 9.1 da orde: a, b, e
• Destinatarios: alumando 1º ,2º ESO
• Orzamento: 175 €+IVE

Outro ano está nas nosas intención poder ofrecer ao alumnado do IES Otero Pedrayo este obradoiro que mostra ao alumnado que o galego é unha entrada privilexiada para a lusofonía, con divertidas actividades.



Visto e prace

A handwritten signature in black ink on a light background. The signature is stylized and appears to read 'Elvira'.

María Elvira Moroño Suárez

Coordinadora do EDLG

